

MYKES

Boletín do Grupo Micolóxico Galego
“Luis Freire”

Volume 23
2020



GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

«In Memoriam»
Francisco de Diego Calonge

Chinchón, 28 de xaneiro de 1938 – Madrid, 6 de novembro de 2019



Fotografía de Carlos de Miler-RJB-CSIC
(*Anales Jard. Bot. Madrid* 66S1: 7. 2009)

Francisco de Diego Calonge, Paco para os seus numerosos amigos, comezou a súa carreira científica ao licenciarse en Farmacia (Universidade Complutense de Madrid), no inicio da década dos 60. Foi nesa universidade onde se doutorou na área da Fitopaloxía, aínda que co fin de perfeccionarse como investigador nela trasladouse a Bristol (U.K.).

Esta estancia postdoutoral no Reino Unido foi interrompida por razóns estritamente familiares e decide regresar a España (1968). Non obstante, os problemas contractuais (a pesar da súa formación non ten unha praza asegurada) e as deficiencias nas

instalacións da universidade, fan que se decida a presentarse no CSIC a unha vacante de Colaborador Científico (1972), para tres anos despois optar á de Investigador (1975) e algúns anos máis tarde á de Profesor de Investigación (1982), labor que exerceu no «Jardín Botánico de Madrid».

A súa relación con esta institución foi continuada ata o final dos seus días. Alí viviu moitas horas, tanto investigando no mundo da macromicoloxía como dirixindo o propio «Jardín Botánico» (1979-1984). A súa entrega foi tal que non parou ata conseguir reabrilo ao público, data na que se inicia a relación actual do «Botánico» de Madrid coa sociedade.

Na macromicoloxía investigou en diversos grupos taxonómicos: ascomicetos, afiloforais, agaricais, fungos hipoxeos..., nos que ata 16 especies lle foron dedicadas por discípulos e amigos. Aínda que dedicou a maior parte do seu tempo aos gasteromicetos, grupo no que chegou a ser unha autoridade a nivel mundial, tanto desde o estudo da micobiota (catálogos e monografías) como da coroloxía e da taxonomía, sendo autor de varias especies novas.

O seu traballo comezou na Península Ibérica, entre o que destaca o intenso traballo realizado en Portugal, tanto no continente como nas illas (Açores e Madeira), pero tamén no resto de Europa (Italia, Polonia, Ucraína), Sudamérica (México, Venezuela, Bolivia, Brasil, Ecuador, Guatemala), África tropical (Tanzania, Camerún) e Asia (India). Unha recompilación da súa extensa e valiosa obra figura no traballo de Tellería (2009, *Anales Jard. Bot. Madrid* 66S1: 7-24) publicado con motivo da súa xubilación, aínda que continuou investigando e publicando traballos ata o 2019. Exemplo de vida!

Non obstante, o que lle deu máis amigos e popularidade foi, sen dúbida, a súa labor divulgativa, desenvolvida desde principios dos anos 70. De feito, o seu libro *Hongos de nuestros campos y bosques* (1975), foi o primeiro ou un dos primeiros libros divulgativos publicados na Península Ibérica. E ese foi o principio da divulgación, xa que foi fundador da «Sociedad Micológica

Castellana», que, despois de crearse as autonomías, pasou a chamarse «Sociedad Micológica de Madrid», a que presidiu durante moitos anos. Simultaneamente, Paco Calonge conseguiu que as «exposicións micolóxicas do Botánico» foran un referente para todo o resto de España.

Fundou en 1976 e dirixiu durante varias decenas de anos a prestixiada revista micolóxica *Boletín de la Sociedad Micológica de Madrid*, modelo de revista científica para todos os profesionais e afeccionados que desexaran publicar as súas investigacións noutras sociedades micolóxicas.

Esta relación coa divulgación da macromicología por todo o territorio español, xunto co seu carácter aberto, divertido, festeiro, desinhibido, pero respectuoso con todo e con todos, son os responsables de que a maior parte dos micólogos actuais en España sexan (sexamos) fillos, netos ou afillados científicos del. A súa desaparición física déixanos desconsolados e un pouco orfos.

Como toda a xente grande e valiosa, Paco Calonge era extremadamente humilde. Escoltaba e discutía espécimes con todo o mundo, sen menosprezar a ninguén, tivera a formación base que tivera. A todos atendía, con todos identificaba o que lle levaban e con todos escribía despois os artigos resultantes desa labor de investigación. De feito compartiu artigos cunha longa centena de colaboradores.

O seu despacho era como a nosa casa, tanto cando nos xurdía algunha dúbida micolóxica ou simplemente, como cando necesitábamnos conversar pausadamente cun amigo. Recordo con verdadeira admiración a súa paciencia os luns micolóxicos no «Botánico» comentando todos os espécimes que as persoas traían procedentes de media España, ás veces exemplares partidos, vellos, medio podres... Paco non depreciaba nada, preguntaba localidade e hábitat e anotaba. E, ao lado destas anotacións figuraba sempre o legit (o nome da persoa que o traía). *Anotar isto é moi importante*– me dicía, *senón esta persoa pode non volver a traer outras cousas que poden ser moi interesantes*.

Hai persoas que son tan importantes na nosa vida que non deberían abandonarnos nunca, mais o «mestre da micoloxía española», do saber estar e do saber facer, o « noso Decano » deixounos unha noite de principios de novembro, silenciosa e discretamente como tiña vivido. D.E.P. Paco.